



Resolución do 14 de decembro de 2013 pola que se nomean os membros da comisión de avaliación para a contratación dun investigador pola modalidade de obra ou servizo determinado.

A Escola Galega de Administración Pública publicou a Resolución do 28 de novembro de 2013 (*DOG* núm. 232, do 4 de decembro de 2013) pola que se aproban as bases para a contratación temporal, pola modalidade de obra ou servizo determinado, dun investigador na Escola Galega de Administración Pública e se procede a súa convocatoria.

De acordo co previsto na base sexta desta convocatoria,

RESOLVO:

Designar os seguintes membros que integrarán a comisión de avaliación e selección dos candidatos:

Presidente: D. Manuel E. Martínez Oubiña, secretario xeral da Escola Galega de Administración Pública.

Vogais: D. Juan Jesús Raposo Arceo, profesor titular do Dereito Civil da Escola Universitaria de Estudos Empresariais da Universidade da Coruña.

Dna. Lorena Antelo Romero, xefa do Servizo de Xestión de Actividades de Formación na Escola Galega de Administración Pública

Dna. Mar Ferreiro Broz, xefa do Servizo de Programación de Actividades de Formación na Escola Galega de Administración Pública

Secretaria: D^a M^a Lucía Portela Silva, xefa do Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións da Escola Galega de Administración Pública.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2013

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública